

Comunicado número 3:

Asunto: Gran Premio Cantones da Coruña. Trofeo Sergio Vázquez 19 de maio de 2021

Departamento de comunicación da FGA

Recta final para a celebración de Cantones da Coruña

Despois do parón do ano 2020 polos efectos da COVID-19, achégase novamente o Gran Premio Cantones da Coruña, nun renovado asfalto, o vindeiro 5 de xuño, a cita máis importante do calendario mundial antes dos Xogos Olímpicos de Tokio.

Así o demostra o ránking anual elaborado pola propia World Athletics na última edición celebrada (2019), encabezado pola proba coruñesa por diante, entre outros, do potente Campionato de China, do Campionato de Asia e incluso da propia Copa de Europa dese ano.

Place	Competition	Country	Start Date	End Date	Part. Score	P.S. Place	Result Score	R.S. Place	W.R. Score	Comp. Score
1	Gran Premio Cantones de La Coruña, La Coruña	ESP	08 JUN 2019	08 JUN 2019	1060	1	9825	2	0	10885
2	China National Race Walking Grand Prix 1. Huangshan	CHN	09 MAR 2019	10 MAR 2019	730	4	9868	1	120	10718
3	Asian Race Walking Championships, Nomi	JPN	17 MAR 2019	17 MAR 2019	640	8	9775	3	0	10415
4	European Race Walking Cup, Alytus	LTU	19 MAY 2019	19 MAY 2019	710	5	9679	5	0	10389
5	2019 IAAF Race Walking Challenge, Taicang	CHN	11 MAY 2019	12 MAY 2019	940	2	9417	9	0	10357
6	Japanese 20km Race Walking Ch., Kobe	JPN	17 FEB 2019	17 FEB 2019	660	7	9680	4	0	10340
7	Grande Prémio Internacional de Rio Maior em Marcha Atlética, Rio Maior	POR	06 APR 2019	06 APR 2019	870	3	9230	14	0	10100
8	Japanese 50km Race Walking Ch., Wajima	JPN	13 APR 2019	14 APR 2019	435	11	9607	8	0	10042
9	Oceania 20km Race Walking Ch., Adelaide	AUS	10 FEB 2019	10 FEB 2019	580	10	9238	13	0	9818
10	Russian Winter Race Walking Ch., Sochi	RUS	17 FEB 2019	18 FEB 2019	90	41	9675	6	0	9765

Moitos medallistas da última Copa de Europa estarán na Coruña

Tras a conclusión do Campionato de Europa de Marcha por Equipos, disputada na localidade checa de Podebrady, con excelentes resultados para a delegación española, continúan as confirmacións para participar no Gran Premio Cantones da Coruña. Na categoría masculina xa alcanzouse o número máximo previsto pola organización (80), practicamente o dobre de participantes que os que finalizaron en Podebrady (44).

A proba dos 20 km homes será todo un auténtico luxo xa que contará co podio ao completo do recente Campionato de Europa de Marcha. O medalla de ouro, o sueco Perseus Karlstrom, que parou o crono en 1h18:54, xa está inscrito para facer o seu último gran ensaio de calidade previo aos Xogos Olímpicos que fan del todo un serio candidato ao título. Por parte española, xa confirmaron os dous medallistas que lograban o “dobrete” de prata e bronce na mesma distancia: Álvaro Martín e Diego García. Con estas posicións, tanto o marchador extremeño como o madrileño, contribuían decisivamente para que España lograra o título de campioa de Europa da distancia.

Outra presenza moi destacada será a do campión de Europa por equipos nos 50 km, o español Marc Tur (3h47:40), quen tamén estará en Cantones aportando prestixio internacional.

Por parte feminina e seguindo coas representantes europeas, contarase sobre o asfalto coruñés coas medallista de bronce da cita europea en 35 km, a italiana Lidia Barcella (2h51:50). Tamén coa española Laura García Caro que conseguiu o bronce nos 20 km. (1h28:07). De igual modo xa confirmaron tamén as cuartas clasificadas: Raquel González (20 km) e María Juárez (35 km).

Tamén están inscritos outros finalistas en Podebrady como a italiana Federica Curiazy e o alemán Karl Junghanns.

Presenza galega destacada

O atletismo galego tamén estará representado en Cantones coa presenza dos irmáns Antía e Daniel Chamosa. A primeira tomou parte coa selección española esta fin de semana na Copa de Europa logrando sobre os 35 km. un moi destacado décimo primeiro posto. O rexistro logrado pola galega de 2h57:51 representa de igual modo un novo récord de España Sub23 que fan dela todo un claro referente da marcha feminina sobre esta distancia.

O seu irmán, Daniel Chamosa, tras un período de parón obrigado por unha lesión, retornou á competición recentemente, proclamándose campión galego de 20 km na Pobra do Caramiñal fai poucos días, amosando tamén a súa excelente proxección internacional.